

Movementos de translación

É o movementos que a Terra realiza arredor do Sol, tarda un ano en completalo. Do movementos de translación e da inclinación do eixo terrestre derivan as estacións.

A órbita que a Terra describe arredor do Sol non é circular senón elíptica (ovalada) e terá, polo tanto, dous eixos, un maior e outro menor.

O eixo de rotación terrestre presenta unha inclinación de 23.5° respecto ao plano da órbita, isto fai que os raios do Sol cheguen máis perpendiculares (máis rectos) a un hemisferio que a outro, canto máis rectos cheguen os raios do Sol, maior será a temperatura.

Os puntos nos que a distancia da Terra ao Sol é menor denomínanse equinoccios e o día ten a mesma duración que a noite (equinoccio de primavera e de outono). Os solsticios de verán e inverno corresponden aos extremos do eixo maior, no solsticio de verán, o día dura máis que a noite, no de inverno, o día dura menos que a noite.

Si no hemisferio norte estamos en verán, Que ocorrerá no hemisferio sur?

Podes comprobalo nesta animación:

http://www.juntadeandalucia.es/averroes/manuales/sistemas_externos/Tierranimac01_archivos/movorbitales2.swf

CUESTIÓN

Que é a translación?

Movementos da Terra arredor do seu eixo

Movementos da Lúa arredor da Terra

Movementos da Terra arredor do Sol

Canto tarda a Terra en dar unha volta arredor do seu eixo?

365 día

Un día

28 días

Por que en verán fai máis calor que en inverno?

Porque a Terra está máis cerca do Sol

Porque os raios do Sol chegan máis perpendicularmente debido á inclinación do eixo terrestre

Movementos de rotación

Xiro da Terra arredor do seu eixo. A Terra tarda 24 horas en dar unha volta completa arredor do seu eixo. A Terra, vista desde o polo norte, xira en sentido contrario ás agullas do reloxo. O Sol sae polo leste e ponse polo oeste.

O movementos de rotación é o responsable de que se sucedan os días e as noites.

CUESTIÓN

Que é a rotación?

Movementos da Terra arredor do Sol

Movementos da Terra arredor do seu eixo

A rotación é responsable de...

Das estacións

Os días e as noites